

CIRCULAR 260

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

ESPECIAL

III CONGRESO
PROFESIONAL DE PSICOLOXÍA
DE GALICIA

OS CAMIÑOS DA
PSICOLOXÍA

COMITÉ ORGANIZADOR

Mª Rosa Álvarez Prada
Víctor Manuel Torrado Oubiña
Miguel A. Chouza Ponte
Olegaria Mosqueda Bueno
Hipólito Puente Carracedo
Manuela del Palacio García
Mª Dolores Seijo Martínez
Francisco Javier Sardiña Agra
Mª Jesús López Cernadas
Carlos Montes Piñeiro
Mª Dolores González Fernández
Ana Isabel Martínez Arranz
Eva Muíño Gómez
José Manuel Oreiro Blanco

COMITÉ CIENTÍFICO

Elixio Domarco Álvarez
Encarnación Álvarez Gallego
María Teresa Álvarez Lorente
Ramón Arce Fernández
Juan Luis Basanta Dopico
Elisardo Becoña Iglesias
Mª José Buceta Cancela
Fernando Cadaveira Mahía
Jesús Cancelo Martínez
José Carlos Cardama Barrientos
Mercedes Carreño Fernández
Xosé Lois Cea Nogueira
José Luis Domínguez Rey
Valentín Escudero Carranza
José María Failde Garrido
Manuel G. Fernández Blanco
Mª Soledad Filgueira Bouza
Manuel Filgueira Lois
Alfredo Fornos Pérez
José Ángel Fortes Cadavid
Rocío García Calvo
Emilio Gutiérrez García
María Teresa Hermida Pérez
Santiago Lago Canzobre

María Lameiras Fernández
Emilio Lesta Casal
Emilio López Bastos
Miguel Anxo Losada López
Xabier Macías Virgós
Mª Fernanda Paramo Fernández
José Manuel Pazos Riveiro
María Isabel Pereira Calviño
Arturo José Pereiro Rozas
Lourdes Pérez Vázquez
Miguel Pérez Pereira
Santiago Porta Dovaló
Mª Concepción Prado Álvarez
José Luis Rguez-Arias Palomo
Marta Rivas Rodríguez
Concepción Rodríguez Pérez
Marina Rodríguez Álvarez
Socorro Rodríguez Holguín
José M. Sabucedo Cameselle
Carmen Senra Rivera
Mª Gloria Seoane Pesqueira
Jorge Sobral Fernández
Carolina Tinajero Vacas
Montserrat Cristina Zurrón Ocio

Enlace a páxina oficial do Congreso:
<http://iiicongresodepsicologia.copgalicia.gal>



Un fito nos camiños da psicoloxía

Tal vez o máis valioso deste Congreso fose a demostración de que a cooperación é a forma de contribuír ao desenvolvemento da psicoloxía. Foi un punto de encontro entre profesionais de distintos eidos, distintas xeracións, distintas traxectorias, que puxeron ao dispor da profesión o mellor de si para que esta cita tivese a altísima calidade da que gozou.

Desde o Colexio quixemos promover este foro, este punto de encontro, co que realizar un retrato da situación da psicoloxía en Galicia: o camiño que nos trouxo ata aquí, os novos retos e oportunidades que temos por diante, os roteiros que se nos abren. Collemos o impulso con azos renovados para continuar co noso labor colexial.

Na vindeira edición, co meu desexo de que non pase tanto tempo, estou segura de que entre todos e todas teremos logrado que a psicoloxía ocupe na sociedade o lugar que merece, o lugar que require.

O avance da psicoloxía permitiranos un país máis desenvolvido, no que a atención psicolóxica estea garantida para toda a cidadanía, seremos unha sociedade máis rica, máis xusta e



Mª Rosa Álvarez Prada, Presidenta do congreso e decana do COPG



Momento da recepción do Vicepresidente da Xunta no Palacio de Congressos

máis evolucionada. A nosa profesión non é mellor nin peor ca outras: é unha profesión necesaria, que ten que ter o lugar que lle corresponde na sociedade para contribuír ao benestar dos nenos e nenas, adolescentes, das persoas adultas e das maiores. En definitiva, para contribuír ao benestar da nosa comunidade.

Grazas a todas as persoas e entidades que contribuístes a percorrer este importante treito dos Camiños da Psicoloxía.



Momento do acto inaugural

Construíndo camiños

Tras máis dun ano e medio de preparación e tres días intensos no pasado mes de xuño, é a quenda da valoración e da análise. Coido que foi un acerto por parte da Xunta de Goberno do COPG a proposta deste evento no contexto social e profesional actual. Supuxo un grande esforzo. Non foi fácil nin sinxelo levalo a

cabo. Co obxectivo de abarcar as diversas áreas e saberes da Psicoloxía, colaboraron as diferentes Seccións e Grupos de Traballo do Colexio que se integraron no Comité Organizador. Non escatimaron esforzos a secretaría técnica nin o voluntariado (estudantes de Psicoloxía de Universidade de Santiago). Un escollido grupo de expertos configurou o Comité Científico que asumiu con rigor o encargo de avaliar contra o reloxo un importante volume de traballos enviados polos congresistas en formato de comunicación oral ou escrita (póster). Houbo tempo para socializar e tamén para o compromiso social coas «Badaladas polo suicidio».

Coa imaxe do Congreso de fondo (esa especie de tándem), xunto co seu lema, «Camiños da Psicoloxía», pretendíamos reflectir tanto a complexidade crecente do coñecemento como a necesaria colaboración entre os/as profesionais para xeralo. Nunha progresiva especialización no quefacer profesional, o Congreso supuxo buscar respostas dentro dun ámbito de saber único e múltiple ao mesmo tempo. A máis de 400 profesionais pareceulles interesante esta proposta.

O COPG, ha de entenderse, cada vez máis, non só como unha simple agrupación de profesionais, senón como una asociación científico-profesional e, neste contexto, entendemos por profesional a aquel que ten preferencia polo ámbito aplicado, mostra compromiso social, ten unha axeitada fundamentación nas técnicas e procedementos que utiliza e se conduce con honestidade para sí e para con outros (colegas, usuarios/as, clientes ou pacientes). No futuro, non debería estrañar unha nova convocatoria congresual, con algunhas leccións aprendidas, moito antes de que transcorran outros vinte e cinco anos. Isto último é tanto unha predición coma un desexo.



Presidente do Comité Organizador

Víctor Manuel Torrado Oubiña
Presidente do Comité Organizador

Mellorando a vida das persoas

A utilidade mais salientable da Psicoloxía é a súa capacidade para mellorar a vida das persoas. Este III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia de 2016, que profundizou na praxis diaria das Psicólogas e Psicólogos nos seus diversos ámbitos de actuación foi unha magnífica ocasión para tomar o pulso da actividade profesional.

Desde a perspectiva do Comité Científico que tiveron a honra de presidir, e creo falar en nome de todos os meus colegas, que me acompañaron nesta tarefa, teño o deber de explicitar que o compromiso da Psicoloxía galega coa súa tarefa na sociedade sigue vivo e cumpre co seu deber de facilitar esa mellor calidade de vida nas persoas. Así o comprobamos todos os asistentes nas diversas conferencias, relatorios, comunicacións e pósteres que polo seu elevado nivel científico deixan unha pegada na nosa labor cotiá.

Non foi sinxelo dilucidar a mellor Comunicación Oral nin o mellor Póster exposto neste Congreso. Moitos cumprirían ese requisito. Desde aquí o noso, mais que obrigado, agradecemento a todos os relatores e autores polo seu bo facer.

Támén é preciso destacar a parte organizativa. É por iso que queda patente a grande labor e esforzo por parte do Comité Organizador e do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Sen eles o éxito deste Congreso non sería posible. Sen esquecermos do soporte administrativo e do voluntariado que facilitaron ó bó desenvolvemento do mesmo.

Grazas a todas e todos os congresistas. A vosa presenza foi o mellor barómetro da medida da calidade do III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia de 2016.

En resumo, os Camiños da Psicoloxía están abertos. Son amplos e conducen á continua mellora dos mesmos para cumprir co noso papel na sociedade. Ese é o mandato do Congreso.



Presidente do Comité Científico

Elixio Domarco Álvarez
Presidente do Comité Científico

Programa Social

Desde o Comité Organizador deseñouse un programa social no que a cidade de Santiago de Compostela foi protagonista. Foi unha ocasión para descubrir a cidade por parte de quen chegou desde fóra, mentres que moitas persoas tiveron ocasión de redescubrila. De feito, Compostela foi o punto de partida da carreira profesional dunha parte moi importante dos Colexiados e Colexiadas. Os Camiños da psicoloxía, o nome co que se identificou este congreso, tiñan que pasar por Compostela como punto de referencia na cartografía da nosa profesión.

O xoves 2 de xuño, organizouse unha visita guiada ás cubertas da Catedral de Santiago, que proporciona unha panorámica privilexiada e única da urbe. Ao día seguinte asistíuse ao acto da campaña «Badaladas pola prevención do suicidio», que organiza o Movemento Galego da Saúde Men-



Badalada pola prevención do suicidio



Durante a visita aos tellados da catedral

tal do que o COPG forma parte. A decana do Colexio, M^a Rosa Álvarez Prada, foi a encargada de dar a badalada nesa tarde nun acto que reivindica a visibilización da grave problemática de saúde pública que constitúe o suicidio, á vez que demanda o deseño e implementación dun plan autonómico de prevención.

Á continuación o Concello de Santiago de Compostela ofreceu unha recepción, presidida pola concelleira de Políticas Sociais, Saúde e Diversidade, Concepción Fernández Fernández, acompañada polo concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia, Xan Duro Fernández. Neste encontro, a concelleira deu a benvinda á cidade e aproveitou a ocasión para percorrer as instalacións do Pazo de Raxoi, sede do goberno municipal.

Á continuación, tivo lugar a cea oficial do congreso no Hostal dos Reis Católicos, coa actuación musical do trío de corda Paladio. No seu transcurso fíxose entrega dos premios ás mellores comunicacións libres. O premio á mellor comunicación oral foi para Sandra Izaguirre, Isabel Cabado e Fernando González por un traballo co título «Xestión de emocións en familiares das



Momento da recepción no Concello



Momentos da cea

vítimas do tren Alvia. A antesala da incerteza». Na categoría de póster, a premiada foi «O uso problemático de internet entre os adolescentes: claves para entender e previr», presentado por Yolanda Iglesias, Patricia Gómez, Teresa Braña, Jesús Varela e Antonio Rial.



Momento de agradementos da decana aos/ás colaboradores

A psicoloxía que Galicia precisa

O tempo transcorrido desde o anterior Congreso dá unha boa perspectiva para reflexionar sobre o futuro. Nestes 25 anos, a realidade profesional mudou co recoñecemento social das intervencións psicolóxicas; coa especialización e a diversificación de intereses dentro da mesma profesión; coa aparición de novas titulacións ou categorías profesionais en ámbitos afíns; coa trivialización do apoio psicolóxico, a precariedade laboral ou a agudización da feminización da profesión, entre outros cambios significativos.

En relación ao contexto da nosa actuación, a editorial de Cadernos de Psicoloxía de novembro de 1998 xa alertaba contra as correntes ideolóxicas ultraliberalizadoras en voga «porque os 'inevitables' recortes do gasto público que con tanta énfase reclaman afectan directamente aos ámbitos nos que os psicólogos e psicólogas desempeñamos o noso labor» suprimindo, precarizando e desprofesionalizando os sistemas sociais, educativos e de saúde.

Esas tendencias sociais negativas agraváronse co actual proceso de crise sistémica no que –canda algunhas esperanzadoras reaccións sociais alternativas a esta deriva– se confirman a diminución ou desaparición de dereitos sociais; o incremento das desigualdades; a consolidación da primacía da economía sobre a democracia; a extensión das relacións mercantilizadas ou a hexemonía das concepcións patoloxizadoras do malestar.

Simultaneamente, cambios significativos nos procesos de comunicación e condicións de vida dan lugar a novas demandas, procesos e posibilidades de intervención... e a novos dilemas éticos. Aos tratados na casuística deontolóxica máis frecuente, engádense os derivados da crecente presenza profesional en medios de comunicación e redes sociais; os novos xeitos de aprender, as modalidades de intervención a distancia ou os cambios de relación propiciados polas novas tecnoloxías e Internet, que reactivan tamén a preocupación pola vixilancia e o control social estipulados desde as recentes doutrinas da «seguridade nacional».

Hai, en fin, realidades social ou culturalmente emerxentes que requiren das achegas da psicoloxía e da actualización do noso pensamento deontolóxico, entre outras: a violencia machista; a democratización da institución familiar; a normalización das experiencias LGBTI; o acompañamento na fin da vida; a morte digna; os cambios na reprodución humana ou os relativos ao que xa se coñece como consecuencias do «corpo transformado».

En base a estas previsións, cómpre considerar a futura razón de ser da organización profesional como garante e impulsora tanto da actualización e da formación permanentes como do compromiso deontolóxico da intervención de psicólogas e psicólogos.

Os nosos intereses principais deben ser os das persoas que precisan do coñecemento ou competencias da psicoloxía e os seus profesionais. Trátase de defender a sociedade desde a psicoloxía, poñer o coñecemento e a experiencia profesional ao servizo tanto da calidade das intervencións como dos dereitos das persoas para evitar que se xogue co seu sufrimento, a súa saúde, as súas esperanzas ou lexítimas ambicións.

Cabe resaltar, neste sentido, as oportunidades abertas coa constitución no ano 2000 do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia como organización xuridicamente independente, con competencias plenas e non delegadas para o exercicio das súas funcións. Profundar nesta vía autónoma, democrática e participativa, será o mellor xeito de promover todas as potencialidades da psicoloxía galega, continuando a traxectoria de experiencias pioneiras e inequívoco apoio ou promoción de causas e reivindicacións sociais que nos ten caracterizado.

Considerando, ademais, que a nosa realidade académico-profesional vai sendo cada vez máis europea e galega, deberemos traballar por superar os límites que condicionan o noso desenvolvemento profesional persistindo no perfil propio, diferenciado e non subordinado da psicoloxía galega e, tamén, no compromiso ético e cultural coa sociedade que a orixina e financia.

Xavier Macías Virgós

*Membro da Comisión para a Defensa da Profesión
e Prevención do Intrusismo do COPG*

A DEFENSA DA PROFESIÓN E PREVENCIÓN DO INTRUSISMO

No Simposio «**Psicoloxía e Sociedade**» pretendeuse dar unha visión da profesión do psicólogo ou psicóloga na comunidade autónoma de Galicia. Unha perspectiva que parte desde os seus inicios, desenvolvemento e crecemento e que se pode visualizar tanto no aumento de profesionais como nos campos de intervención profesional. A calidade e a ética son dous aspectos inherentes á profesión. E esta temática foi abordada por membros do Comisión para a Defensa da Profesión e membros da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

A protección da psicoloxía como servizo público foi un dos relatorios que motivou a exposición dun recorrido histórico das reivindicacións e actuacións profesionais para a consecución de ese obxectivo que se expresa no noso código deontolóxico: «o exercicio da psicoloxía ordénase a unha finalidade humana e social, que pode expresarse en obxectivos como o benestar, a saúde, a calidade de vida, a plenitude de desenvolvemento das persoas e dos grupos, nos distintos ámbitos da vida individual e social».

Somos coñecedores de que se a psicoloxía acada hoxe o recoñecemento do que goza entre os/as profesionais de actividades limítrofes, traballo, xustiza, educación, saúde, é debido a que desde o primeiro momento procuramos formación e colaboración, tendendo pontes que permiten andar o camiño ata a actualidade.

No transcurso da intervención «**A psicoloxía que Galicia precisa**», e unha vez feito un recorrido de acontecementos históricos da nosa institución e a súa constitución como órgano xuridicamente independente, conclúese facendo fincapé en que a nosa realidade académico-profesional vai sendo cada vez máis europea e galega, anímase a traballar por superar os límites que condicionan o noso desenvolvemento profesional persistindo no perfil propio, diferenciado e non subordinado da psicoloxía





Momento do simposio

galega e, tamén, no compromiso cultural e ético coa sociedade que a xera e financia.

Desde a intervención da **Comisión de Ética e Deontoloxía** fíxose unha presentación da actividade sancionada por infracción deontolóxica levada a cabo desde o ano 2012 ata a actualidade, analizando o número de queixas recibidas e de expedientes tramitados e sancionados. Tamén se analizou esta actividade en función do ámbito profesional no que se facían constar estas queixas. Así mesmo presentouse un conxunto de recomendacións de carácter práctico extraídas á luz dos contidos máis relevantes das citadas queixas e do seu encaixe nos preceptos deontolóxicos que foron vulnerados.

Isto permitiu unha reflexión sobre o reto que implica unha práctica profesional ética na que se toman en consideración principios relacionados cos dereitos das persoas, a autonomía dos usuarios e usuarias e a responsabilidade profesional.

Os relatores e relatoras finalizaron facendo referencia como proposta para o debate a certos elementos que puidesen estar relacionados coa responsabilidade corporativa no impulso dunha práctica profesional ética: o equilibrio entre os dereitos e obrigacións deontolóxicos dos e das profesionais. Así mesmo propúxose a creación e actualización de códigos, regulamentos e guías orientativas para centrar unha práctica profesional responsable e, para rematar, a concienciación e sensibilización tanto de profesionais como das persoas usuarias dos servizos psicolóxicos.

PSICOLOXÍA E SAÚDE

Os temas de **mindfulness e neuropsicoloxía e linguaxe** foron obxecto de análise en dous obradoiros. No primeiro, tras abordar o concepto de mindfulness e facer un repaso histórico do seu significado, estudáronse as súas implicacións na práctica psicolóxica, tanto no ámbito da normalidade como no psicopatolóxico, así como as súas limitacións, e analizouse a súa importancia, facéndose referencia a datos de investigación científica así como a puntos de vista subxectivos. Foron de interese as experiencias prácticas e a metodoloxía utilizada coa inclusión de presentacións audiovisuais e casos clínicos extraídos da práctica clínica.

No transcurso do segundo obradoiro titulado «**Neuropsicoloxía e linguaxe. Aplicación das TICs como instrumentos facilitadores da autonomía dos pacientes**», fíxose unha breve revisión das alteracións neuropsicolóxicas en persoas afectadas por trastornos da linguaxe e detallouse o método de avaliación multidisciplinar a seguir, segundo procedementos estruturados e datos cualitativos. Salientouse que unha avaliación exhaustiva permite o adecuado deseño dun programa de rehabilitación individualizado no cal as TICs ofrecen a posibilidade dunha maior autonomía aos e ás pacientes na súa vida cotiá, profesional, social, familiar e no ámbito sanitario, incluída a psicoterapia.

En relación aos simposios, o tema da neuropsicoloxía foi motivo de debate no relatorio de «**Neuropsicoloxía do trastorno mental severo**», que centrou a exposición no deterioro cognitivo no trastorno mental grave. Espertou interese a descrición das principais alteracións neuropsicolóxicas e o envellecemento acelerado por solapamento entre os mecanismos neurobiolóxicos de ambas condicións. Fíxose especial énfase na



Momento do obradoiro

maior vulnerabilidade, xunto coa presenza de factores de risco vasculares (FRV) con risco de morte prematura; ademais das mortes por suicidio. Por outra parte, destacamos a importancia que evocou a exposición desde o **Modelo de Rede** das diferentes áreas cerebrais e a presentación de paradigmas de avaliación con tarefas duais o que permite unha mellor comprensión da integración funcional entre dous ou máis procesos cognitivos e fan necesaria a elaboración de modelos globais sobre o funcionamento cognitivo. Tamén se abordou a avaliación neuropsicolóxica da enfermidade de Alzheimer baseada no concepto do conectoma, de cara a diferenciar patróns desde fases preclínicas da enfermidade. A conclusión extraída foi que a neuropsicoloxía pode cambiar o paradigma de avaliación seguindo as pautas da integración funcional e que as relacións entre memoria e funcións executivas determinan o rendemento.



Simposio «Suicidio»



Relatores/as do Simposio
«Psicología e atención
primaria de saúde»

Xa no simposio **«Suicidio»** abordáronse os antecedentes históricos da *autopsia psicolóxica*, a intervención intensiva en prevención da conduta suicida do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, e o labor do GIPCE na intervención en mortes de suicidio, para previr dificultades psicolóxicas nos achegados e naqueles procedementos de asesoramento en casos de dó por estas perdas.

Outro simposio destacado foi **«Psicología en atención primaria de saúde»**, no cal desde un punto de vista médico se fixo unha interesante introdución á psicoloxía. Expuxéronse experiencias de supervisión de psicólogos e psicólogas internas residentes en labores asistenciais, docentes e de investigación. Cómpre sinalar a presentación da mostra de diferentes estudos de prevalencia e recomendacións de organismos como a OMS, que salientan a importancia de tratar os trastornos mentais leves e moderados na atención primaria. Describiuse o modelo británico e apuntouse como a posta en marcha do

mesmo supón un importante aforro ao sistema público de saúde inglés. Finalmente, expúxose o ensaio clínico PsicAP.

Destacou a asistencia ao simposio dedicado ao **«Trauma e apego»**, onde se aclarou que moitas das dificultades que mostran os nenos e nenas que foron adoptados, e que en ocasións se enfocan desde a perspectiva de problemas de conduta, teñen unha relación directa cos estilos de apego na infancia e as situacións traumáticas polas que pasaron.

Ao analizar as consecuencias na idade adulta do trauma e apego fíxose un breve repaso dos estilos de apego na infancia, describindo como se van organizando na idade adulta e salientando a interacción do apego con outros sistemas de acción innatos así como os apegos múltiples que pode ter a persoa ao longo da súa vida. A saúde psicolóxica pode verse afectada por ambos tipos de trauma, nos cales a habilidade para procesar información de maneira efectiva acaba sendo danada e requirirán consideracións terapéuticas únicas e específicas e un plan de tratamento idóneo en función de cada caso.

Na intervención sobre **«O apego ao perpetrador»** explicouse que os problemas de apego poden xerar apegos patolóxicos na idade adulta, incluídos o apego ao perpetrador. A idealización do perpetrador serve como defensa que evita tomar conciencia dunha realidade demasiado dura de asumir.

Finalmente no simposio titulado **«Diversas vidas, mortes diversas: a axuda no final»** os relatores e relatoras reflexionaron sobre



Simposio «Trauma e apego»



Simposio «Diversas vidas, mortes diversas»



Conferencia de clausura

o concepto de morte e os labores asistenciais nas unidades de coidados paliativos. O tema da adquisición do concepto de morte, o traballo en equipo das e dos profesionais implicados e as súas emocións nese contexto así como a forma de facer vínculo con estes e estas pacientes e a necesidade de adaptación do persoal ao estilo e as súas necesidades e as das familias acompañantes foron as intervencións que suscitaron maior interese de cara a novas propostas e desafíos.

«Os avances en Neurociencia e retos en Psicoloxía» foi o tema da conferencia de clausura do congreso, onde se presentou un novo paradigma da conectividade cerebral e os avances que impulsa esta concepción do cerebro para diferentes disciplinas, incluída a psicoloxía, así como as cuestións abertas neste campo. Fíxose fincapé da utilidade do conectoma para entender o funcionamento cerebral, comprender as súas patoloxías e os fenómenos de plasticidade e organización dos procesos cognitivos; así como a avaliación do impacto das lesións cerebrais e a súa recuperación mediante a conectividade funcional. Tamén se lle concedeu importancia aos estudos das redes por defecto e o seu papel no funcionamento psicolóxico do ser humano e como este campo de estudo emerxente nos ofrece posibilidades prometedoras tanto no eido investigador como no clínico.

A INTERVENCIÓN SOCIAL



Momento do Simposio «Psicoloxía da intervención social»

No marco do congreso tivemos a oportunidade de comprobar a magnífica calidade profesional na psicoloxía da Intervención Social na actualidade e as perspectivas de futuro nesta área. O simposio **«Psicoloxía da Intervención Social»** tivo como referencia de análise e debate os servizos sociais en eidos especializados. Resaltamos o traballo levado a cabo e as achegas con persoas con diferentes problemáticas como pode ser o

trastorno do espectro autista, as adicións ou as persoas maiores. Neste sentido, ao longo do debate quedou plasmada a gran calidade do servizo profesional que se está a ofrecer, pero tamén, considerando como un desafío de cara ao futuro, a inmensa cantidade de campo que está sen cubrir e que urxe aplicar na sociedade galega.

No eido das persoas maiores, o público asistente tivo a oportunidade de reflexionar sobre os **«Mitos e realidades sobre a velez e a saúde»**, tema da conferencia que achegou diferentes estudos e recalcou a importancia de dar valor a cada persoa por si mesma, sen estereotipos. No debate no que se centrou esta temática temos que resaltar a importancia e a necesidade de que os psicólogos e psicólogas coñezamos as persoas maiores na súa heteroxeneidade para unha mellor abordaxe no traballo neste eido.

Por outra parte, no simposio **«Envellecer hoxe»** examináronse as distintas perspectivas do proceso tales como envellecer con problemas de demencia e tamén envellecer con autonomía no propio domicilio.

Como conclusión constatamos que a Psicoloxía da Intervención Social ten moitos campos para abordar e cubrir en Galicia pero que podemos contar coa experiencia de grandes profesionais que foron marcando camiño.



Simposio «Envellecer hoxe»



Conferencia «Mitos e realidades sobre a velez e a saúde»

A PSICOLOXÍA XURÍDICA

O programa do congreso tamén incorporou contidos relacionados co eido da Psicoloxía Xurídica, que se reflectiron nunha conferencia, un obradoiro e dous simposios. Todos estes eventos contaron cun grande interese por parte das persoas asistentes.



Momento do obradoiro

Polo que respecta ao obradoiro sobre **«Avaliación da credibilidade da testemuña»**, impartíuse formación teórica e práctica relativa a como avaliar a credibilidade dunha declaración mediante os criterios de validez e realidade do Sistema de Avaliación Global, técnica que se emprega na Unidade de Psicoloxía Forense da Universidade de Santiago de Compostela.

A conferencia **«Abusos sexuais e outras formas de maltrato sexual»** propuxo unha nova clasificación de maltrato infantil, que supere os obstáculos que envolve a diferenciación máis clásica no relativo á categorización do abuso sexual, defendendo polo contrario a categoría de maltrato sexual.



Momento da conferencia sobre «Abusos sexuais e outras formas de maltrato sexual».

Por outra banda, na conferencia **«Uso da perfilación psicolóxica na práctica forense de delitos violentos»** disertouse sobre o procedemento da avaliación psicolóxica pericial sobre un coñecido e público caso de homicidio en serie de Barcelona.

Tamén se celebraron dous simposios vinculados aos ámbitos de **«Protección da infancia e da adolescencia»** e **«Menores en conflito social»** nos que participaron profesionais e investigadores expertos que axudaron a clarificar diferentes aspectos de actualidade.

Alta expectación tivo o simposio **«Mediación e xustiza»** con profesionais que explicaron aspectos relativos á mediación familiar, á mediación penal en tráfico e á mediación penal con menores infractores. De especial relevancia foi a participación do Grupo de Traballo de Psicoloxía das Forzas Armadas e Corpos de Seguridade, recentemente creado dentro da Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.



Simposio «Protección da infancia e da adolescencia»



Simposio
«Mediación e xustiza»



Simposio «Menores en conflito social»

O TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS

Os cambios que experimentan as organizacións e o contexto laboral son cada vez máis amplos e a súa evolución depende da súa capacidade de xestión e das actividades realizadas polo capital humano. Nese sentido no transcurso do noso congreso, tendo presente os referentes da xestión de recursos humanos, o cambio e desenvolvemento organizacional, a avaliación de programas e os procesos de selección e formación, abordáronse distintas problemáticas e perfiláronse novas propostas de futuro en torno a tres ámbitos de actuación:


a) Ámbito dos riscos psicosociais e a saúde laboral.

Analizado nos obradoiros **«Ferramentas de avaliación de acoso no traballo»** e no **«Fallo humano»** debateuse sobre o fenómeno do acoso psicolóxico no traballo diferenciándoo doutras psicopatoloxías laborais e deuse a coñecer o Sistema de Análise Triangular do Acoso (NTP 823), unha ferramenta fundamental para a avaliación deste risco psicosocial e a súa prevención. Os profesionais asistentes debateron sobre o erro ou fallo humano e os accidentes a través do percorrido polos diferentes ámbitos da ergonomía física, cognitiva e organizacional.

b) Ámbitos da mediación, empregabilidade e emprendemento. Foron motivo de debate en dous simposios nos cales se pre-



O obradoiro «Ferramentas acoso no traballo»



Conferencia «O fallo humano»

sentaron a aplicación de principios, estratexias e habilidades de mediación na organización de conflitos. Por outra parte presentouse o papel do profesional PTO como valor engadido na creación, procura e obtención do traballo e a relevancia no escenario das organizacións para fomentar as actitudes de cara ao emprendemento e a innovación.

c) Ámbito, problemáticas e experiencias prácticas da psicoloxía na empresa.

Este simposio permitiu mostrar o potencial da psicoloxía do traballo a través da presentación de ferramentas concretas e distintas propostas para abordar o desenvolvemento da carreira profesional no marco das organizacións desde unha perspectiva holística, sinalando como relevante para a profesión o rol do mentor organizacional nos programas de acollida, acompañamento e despedida dos traballadores.

No espazo profesional avogase por unha mellora dos coñecementos e competencias dos psicólogos e psicólogas do traballo e das organizacións coa finalidade de garantir un servizo de calidade e que as boas prácticas sexan unha sinal de identidade.

A PSICOLOXÍA EDUCATIVA

As Intervencións e os debates relativos a Psicoloxía Educativa do desenvolveuse a través de dúas conferencias, tres simposios e un obradoiro.

A conferencia **«A relación da psicóloga/o educativa/o coas familias»** estivo centrada no traballo levado a cabo polos orientadores e orientadoras nos centros de ensino cos pais, nais, titoras e titores dos menores con problemáticas de acoso escolar, riscos de novas tecnoloxías e técnicas de estudo.

Por outra banda, fíxose un percorrido nunha conferencia polo **pasado, presente e futuro da psicoloxía educativa**.

Os tres simposios estiveron orientados aos temas da **violencia na educación, a orientación e motivación na psicoloxía educativa e a psicoloxía na atención temperá**.



Momento da conferencia

Tivo lugar un obradoiro centrado nas **competencias emocionais e o seu enfoque desde a psicoloxía educativa**.

Coa participación activa neste Congreso pretendeuse empoderar a figura dos psicólogos e psicólogas educativas e valorouse como moi positivo estes encontros profesionais, subliñando que é necesario seguir traballando na sensibilización, na prevención e na intervención no acoso escolar, así como na atención temperá, así mesmo a relación coas familias, o desenvolvemento das habilidades emocionais e a orientación e motivación tanto do alumnado como dos propios docentes.



Simposio «Violencia na educación»



Conferencia «Pasado, presente e futuro da psicoloxía educativa»



Momentos do obradoiro
«As competencias emocionais»



A INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

No Obradoiro «**Intervención en situacións de crise en centros educativos**» destacamos o traballo realizado de forma práctica a comunicación de malas novas aos e ás menores e ás súas familias, a morte e o proceso de dó así como a xestión desde os centros de posibles situacións de crise.

Támén foi de interese a proposta sobre a «**Intervención psicolóxica en emerxencias por naufraxios e desaparicións no mar**», que abordou os factores de risco e as características diferenciais das intervencións que neste ámbito se levaron a cabo desde o ano 2004 ata o ano 2015.

Os compañeiros e compañeiras do GIPCE, presentaron a comunicación «**Xestión de emocións en familiares das vítimas do tren Alvia. A antesala da incerteza**». Durante a intervención no accidente o 25 de xullo de 2013 desde o grupo valorou a necesidade de crear un espazo de tempo de espera para as familias no edificio do Cersia, facilitando un entorno íntimo, anterior ao traslado ao Multiusos do Sar onde se levaba a cabo o recoñecemento do familiar ou familiares que faleceran. Coa exposición



Momento do obradoiro



Momento da conferencia



Momento da recollida do premio á mellor comunicación

deste traballo tratouse de explicar a intervención realizada nun dos escenarios creados para atender as diferentes necesidades que xurdiron tralo accidente do Alvia. Traballo recoñecido polo Comité Científico que lle concedeu o **premio á mellor comunicación** do Congreso.

Noutra conferencia expuxéronse as conclusións dunha **investigación sobre as consecuencias psicolóxicas en vítimas de desastres**, realizada na Universidade Complutense de Madrid.

Finalmente foi relevante a presentación do novo protocolo de atención especializada en emerxencias nos casos de asasinato en violencia de xénero, unha iniciativa froito da colaboración entre o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias e o Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero do COPG.

En canto á presentación dos pósteres é importante destacar no que se plasmou o protocolo de actuación do grupo e o traballo desenvolvido durante o accidente de tren Alvia o 24 de xullo de 2013, así como o da intervención sobre un caso de suicidio.

O TRÁFICO E SEGURIDADE

No congreso deuse a coñecer a todos e todas os e as profesionais o traballo que veu desenvolvendo ao longo de dez anos de andaina. O tema da seguridade viaria estivo presente a través da conferencia: **«O futuro da Psicoloxía en Seguridade Viaria: grupos especiais»** na que se explicou o traballo que realiza a Dirección Xeral de Tráfico neste ámbito. Segundo os datos recabados pola DGT, conclúese que cómpre dirixir os esforzos cara á elaboración de protocolos específicos para a avaliación de grupos de risco, como persoas maiores, aquelas con condutas de policonsumo ou con algunha discapacidade, entre outras.

Coa participación dos membros da Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade no simposio **«Psicoloxía do Tráfico en Galicia»**, expúxose o rol dos e das psicólogos nos centros de recoñecementos á poboación condutora, a importancia da intervención psicolóxica nos cursos de sensibilización e reeducación viaria dentro do sistema de permiso por puntos, así como a valoración das actividades nas xornadas de Concienciación, a implementación do programa «Psicovial na intervención psicolóxica con multirreincidentes». Finalmente abordouse a importancia que ten o programa Sevime no marco da Seguridade viaria con menores.

Así mesmo tamén destacamos a presentación do póster que expuxo un protocolo de asistencia á vítimas de accidentes de tráfico e o afrontamento terapéutico tras o accidente que serve de modelo para Galicia no ámbito de intervención deste eido.

As intervencións dos membros do grupo poñen de manifesto os distintos ámbitos de intervención neste eido profesional e tamén sinalan a necesidade de implicar a máis profesionais para conseguir maior presenza no contexto social actual. Para iso propóñense novos retos como perfilar estudos, programas de intervención e proxectos de investigación para que a psicoloxía do tráfico e da seguridade consiga o espazo que os e as profesionais pretendemos e a sociedade tamén nos demanda.



Conferencia «O futuro da Psicoloxía en Seguridade Viaria: grupos especiais»



Relatores do simposio «Psicoloxía do Tráfico en Galicia»

RELATORES E RELATORAS

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o noso agradecemento a todas as relatoras e relatores que contribuíron a percorrer esta etapa dos Camiños da Psicoloxía.

Manuel Vilariño Vázquez
Bibiana Camaño Rodal
M. Lucas Sebastián Cárdenas
Concepción López Martín
Lourdes Suárez Fernández
Joan Vives Ribó
Mª Jesús Gómez Vecino
Félix López Sánchez
Valentín Escudero Carranza
Rocío Fdez-Ballesteros García
Carmen Arroyo Lorenzo
Mª Paz García Vera
Ana Torres Jack
José Ramón Ubieto Pardo
Constantino Arce Fernández
Miguel Ángel Soria Verde
Fernando Maestú Unturbe
Jesús De La Fuente Arias
Mª Del Carmen Del Río Iglesias
Xosé-Antón Gómez Fraguela
Cristina Martínez Bernárdez
Tomás Aller Floreancig
Mónica Permuy López
Elena Fernández Borrajo
Anna Viñolas Ramisa
Emilio López Bastos
Iago López Roel
Joaquín Dosil Díaz
Rubén Domínguez Domínguez
Luis Fernández Ríos
José Antonio Seoane Rodríguez
Carlos Quílez Lázaro

José Javier González Hermida
Ricardo Fandiño Pascual
Olaia Carrera Guermeur
Cristina Alonso Vilar
José Ortuño Vilurbina
Carmen Blanco Teijeiro
Rosa Mª Domínguez Cameán
Carlos Gestal Gestal
Juan Manuel Bonome Rodal
María Mariño Barca
Mª Jesús Sánchez Peteiro
Concepción Rodríguez Pérez
Rubén Villar Trencó
Fátima López Rodríguez
Mª Luz Losada Somoza
José Mª Avilés Martínez
José Fernando Carrasco Mera
Manuela Rodríguez Martínez
José Raposeiras Correa
Carolina Tinajero Vacas
José Luis Diéguez Ruibal
Mª José Ramil Fraga
Mª Leticia Cariñena Amigo
Mª Teresa Reijas Ruiz
José Ramón García Gómez
Alicia Carballal Fernández
Roger Muñoz Navarro
Mª Jesús Freiría Tato
Dolores Mosquera Barral
Paula Baldomir Gago
Arun Manshukami
Natalia Seijo Ameneiros

Pedro Santamaría Gargamala
Mª Teresa Gómez Cea
María Lueiro Mendoza
Ofelia Debén Rodríguez
Ildia Reyes Bernal Fernández
Santiago Porta Dovalo
Manuel Nevado Rey
José Carlos Cardama Barrientos
Marisa Pendás Sánchez
Begoña Alonso Búa
Andrés Javier Rumbo Amigo
Verónica Rivadulla Parcero
Santiago Medín Díaz
Lori Thompson
Nuria Revuelto Crespo
Gemma Vilas Martínez
Ana Mª Ulloa Lage
Esther Arias Martínez
Carlos Gil García
Juan Luis Basanta Dopico
Maite Garolera Freixa
José M. Sabucedo Cameselle
Miguel Anxo García Álvarez
Francisco Blanco Romero
José Manuel Pazos Riveiro
Mª Teresa Hermida Pérez
Xabier Macías Virgós
Luisa Mª Cid Domínguez
Irene Esperón Rodríguez
Jorge García Fernández



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Verán

*Do 1 ao 30 de xuño e do
1 ao 30 de setembro*
Luns, mércores, xoves e venres
de 8.00 a 15.00 h,
Martes de 8.00 a 20.00 h

Do 1 de xullo ao 31 de agosto
De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA
Federación Europea de
Asociacións Profesionales
de Psicólogos